



GAÑADORES DOS CONCURSOS DO CORRELINGUA 2019

Estes son os grupos de alumnas e alumnos que cos seus traballos, inspirados no lema do Correlingua 2019, **o galego é a fórmula**, gañaron os nosos concursos:

Manifesto: o grupo Os Toxos, formado polo alumnado de **4º da ESO do IES de Carral**. A súa proposta, «Temos química coa nosa lingua», abrirá todas as festas finais do Correlingua 2019.

Banda Deseñada: o alumnado de **5º de primaria do CPI Cabo da Area** de Laxe coa proposta «Gallaecia».

Vídeo: este concurso divídese en dúas categorías, polo que temos dous grupos gañadores. Na categoría de infantil e primaria o grupo Paroleiros formado polo alumnado de **6ºB do CEIP Albeiros** (Lugo) resultou gañador, mentres que na categoría de secundaria os gañadores son Os Bolechas, mozas e mozos de **4º da ESO do CPR Concepción Arenal de Ourense**.

As propostas están dispoñíbeis en www.correlingua.gal e os vídeos tamén na nosa canle de Youtube **Correlingua O galego é a fórmula**.

Queremos agradecer a todo o alumnado e profesorado que participou nos concursos do Correlingua 2019 que nos achegasen as súas propostas. Todas elas son mostra de que o galego é a fórmula! Despois das festas finais do Correlingua subiremos todos os materiais á nosa web.

FESTAS FINAIS

Xa estamos chegando a maio e con el chegan as festas finais. Do 2 ao 16 de maio o Correlingua percorrerá as principais vilas e cidades do país co lema **o galego é a fórmula**. Se aínda non estades anotados para participar podedes facer a inscrición cubrindo os campos do formulario web en correlingua.gal/calendario-e-inscricions/inscricion-na-festa-final. O prazo de inscrición nas festas finais remata o 15 de abril.

Para coñecer máis o Correlingua podedes atoparnos na nosa web (www.correlingua.gal), nas páxinas de Instagram e Facebook **Correlingua** e na canle de Youtube **Correlingua TV**. Tamén podedes contactar con nós a través dos enderezos de correo electrónico correlingua@gmail.com e correlingua@correlingua.gal